

**Departamento de orientación**  
**CEIP de Curtis**  
**Curso 18/19**



## QUE É O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN (DO)?

Enténdese a **orientación** como un proceso que inclúe a toda a comunidade educativa, que debe garantirse desde as primeiras idades do alumnado permitindo así a prevención e detección temperá das súas dificultades tanto no desenvolvemento persoal ou da aprendizaxe como profesional.

Os **Departamentos de Orientación** (dentro dos centros escolares) e os **Equipos de Orientación Específicos**(EOE, por especialidades e provinciais) han de constituílo garante de que a orientación forme parte esencial da actividade educativa e de que se estableza unha vía de asesoramento permanente ó alumnado, ó profesorado e ás familias mediante un plan de actuación común entre os diferentes profesionais.

**Este centro** conta con **Departamento de orientación compartido** co CEIP de Teixeira (sendo Curtis o centro base) e **co centro adxunto** de Sobrado dos Monxes.

## QUEN FORMA PARTE DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN?

O DO está formado por:

Orientadora: Marta López

Especialista de PT: M<sup>a</sup> Dolores Negreira

Especialista de AL(3 días á semana: luns, mércores e xoves): Aixa Vázquez

Coordinadora de Educación Infantil: M<sup>a</sup> José Uzal

Coordinadora de 1<sup>o</sup> e 2<sup>o</sup> EP: Ana Naveira

Coordinadora de 3<sup>o</sup> e 4<sup>o</sup> EP: Leticia Rey

Coordinadora de 5<sup>o</sup> y 6<sup>o</sup> EP: M<sup>a</sup> Carmen Abad

## **A QUEN ESTÁ DIRIXIDO O NOSO TRABALLO?**

A intervención está dirixida á familia, profesorado e alumnado, xunto coas coordinacións entre persoal docente e especialistas externos.

## **CALES SON AS FUNCIÓNS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN (A TRAVÉS DA COORDINADORA: ORIENTADORA)?**

As funcións repártense en ámbitos de actuación:

1. Orientación académica e profesional
2. Acción tutorial
3. Apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe e a atención á diversidade.

## **CAL É O HORARIO DA ORIENTADORA?**

Luns e xoves en horario de 9.00-14.00; e os mércores alternos, cada quince días, co CEIP de Sobrado, sempre con cita previa (horario flexible ás posibilidades das familias). **Poderán poñerse en contacto a través da titora.**

Neste curso elaborárase o [blog de orientación](#), onde atoparedes información sobre temáticas diferentes que poidan ser do voso interese. Poderedes acceder a él dende a páxina web do colexio.